

VIEIROS

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Os Eoas / Estudo sobre Os Eoas

Os Eoas chegan a porto

Poesía Galega Completa IV. Os Eoas

Eduardo Pondal

ed. de Manuel Ferreiro

Sotelo Blanco-RAG, Santiago, 2005. 660 páxs., 40 ◆

Estudos sobre Os Eoas de Eduardo Pondal

Xosé Ramón Pena / Manuel Forcadela

Sotelo Blanco-RAG, Santiago, 2005. 310 páxs., 22 ◆

Grazas á primorosa edición que realiza o profesor Manuel Ferreiro d'◆*Os Eoas* de Pondal podemos acceder a unha das obras fundamentais do noso Rexurdimento e tamén das máis misteriosas, pois o que lea na introdución á citada edición e no volume de estudos as páxinas que se lles dedican á perda e á recuperación da derradeira versión do poema pondaliano mecanografado ten a impresión de estar a ler un relato policial. A edición vai patrocinada pola Real Academia Galega, como acto inicial dos dedicados á conmemoración do seu centenario, e neste caso a douta institución deu no albo.

- 12:35 17/03/2006

O profesor Ferreiro realiza unha edición d'◆*Os Eoas* que resulta modélica polo respecto ao texto orixinal derradeiro, pola asisada introdución e polas notas. Este é o camiño para editar os nosos clásicos, tal e como eles querían que fose a versión derradeira e definitiva da súa obra, sen os someter a ningún tipo de manipulacións normativizadoras. Podemos dicir que Sotelo Blanco nesta colección de "Clásicos Galegos" esta a levar polo bo camiño a edición rigorosa dos nosos clásicos (abonde con lembrar a marabillosa edición, nesta mesma colección, da obra poética galega de Rosalía).

A edición anotada e o libro de análise d'◆*Os Eoas* de Forcadela e Pena permiten situar o poema épico na súa coordenada histórica. Pondal non escribe a contracorrente nin é contraditorio co seu galeguismo ao exaltar a Colón e a descuberta de América feita polo reino de Castela. O bardo compón o seu poema épico asumindo as teorías de García de la Riega e Constantino Horta da orixe pontevedresa de Colón. Xa que logo Colón, galego e herdeiro dos celtas, sería o xefe dos españois que realizan o descubrimento. Isto casa, segundo editor e estudiosos, coa idea do iberismo que sustentaba Pondal: Iberia ha de ser unha federación de pobos en que figuren todos os pobos ou nacións peninsulares (Castela, Galicia, Andalucía, Cataluña, Portugal...). Nesta federación ibérica os galegos han de ter un papel preponderante. Non é outra a intención d'◆*Os Eoas*.

Cómpre así mesmo sinalar que non podemos deixar de examinar a literatura galega en relación co castelanismo imperante no tempo do Rexurdimento e aínda hoxe. Persoa tan influente como Emilia Pardo Bazán sinalaba no divulgado *De mi tierra* que non se podía considerar lingua aquela que non fose capaz de expresar un alento épico. Segundo a condesa galega e antigaleguista, o galego non contaba cun poema épico, que a puidese elevar á categoría de lingua nacional. Pois aí ten o poema que lle ofrece Pondal. Por outra banda, non esquezamos que o poema de Pondal na súa elaboración e remate- é coetáneo da fundación do Centro de Estudos Históricos pidaliano e da glorificación que a escola filolóxica de Pondal fai do Poema do Cid, como modelo épico e patriótico. Neste medio é onde temos que situar *Os Eoas* e así vai perdendo a categoría de ensaio extravagante que lle atribúen Carballo Calero e a xeneralidade das historias da literatura galega, que, no fondo, non son máis que resumos da *Historia da literatura galega contemporánea* do profesor ferrolán.

Sinala acertadamente o profesor Forcadela que a aventura de Colón e a de Pondal escritor coinciden, pois mentres un busca o novo continente, o outro procura esa lingua de ouro, que non hai dúbida que despois da lectura deste poema acadou plenamente.

Cómpre dicir que coa publicación d' *Os Eoas* e co libro de estudos que o acompaña acertou de pleno a Real Academia Galega. Non houbo mellor forma de comezar a conmemoración do centenario desta institución que a publicación do clásico pondaliano e os estudos que o clarifican. Felicitémonos así mesmo porque temos xa unha verdadeira escola para editar os nosos clásicos e neste sentido a edición do profesor Ferreiro é modélica. Non menos engaiolante resulta o libro de estudos de Forcadela e Pena que, sen perder en fondura, case se le coma unha novela ou un artigo xornalístico. Nótase que os autores ademais de filólogos, son grandes escritores. E isto da boa lingua sempre se agradece.

[mércao en Andel](#) [mércao en Andel](#)